


MISCELÁNEA DO VALADOURO

O Valadouro está na Ruta Pardo de Cela, entre Foz, Mondoñedo e Lourenzá, encadrado entre montañas, as que ten que salvar esca-lando suaves pendentes para acceder aos municipios de Foz, Burela, Cervo, Ourol e Viveiro, e salvando as entradas en Abadín, Mon-
doñedo e Lourenzá sen maiores inconvenientes, precisamente por onde recibe os primeiros raios de sol, que o val despide con xesto cansado e rugoso, despois dun aproveitamento solaz, aló polos confíns de Ourol.


Apresúrome a dicir que as decisións do home, sobrado de arro-
gancia e impertinencia, en tempos que se arquivan na historia,
ousaron romper administrativamente a harmónica substantiva-
ción xeolóxica, xeográfica, climática, hidrolóxica e forestal deste
val, coa artificiosa, irreflexiva e inxustificada división do mesmo
en dous concellos: Alfoz, que ocupa gran parte del e Valadouro.
O primeiro ten a súa capitalidade na Seara, unha recente urba-
nización na parroquia de Mor. O segundo na fermosa e alegre
vila de Ferreira, que dorme arrolada nos brazos do río Ouro, na
que aínda pode gozarse dun apracible, sosegado e preguiceiro
espertar, libre das endemoñadas estridencias e axitación das
vilas industrializadas.



Fervenza do Pozo da Onza
(O Valadouro)

Sempre pensei que este val, coa súa tipificación xeolóxica «fluvial», era unha adecuada resposta a este nome, posto que se trata dunha chaira entre montañas, sucada case diametralmente polo río Ouro, con suaves desniveis (se exceptuamos o da Frouseira) nos estribos daquelas, onde, recatado e receoso, garda como primicias para o visitante, verdadeiras sorpresas de beleza e ofrece unha exuberante fertilidade, como xoias paisaxísticas acariciadas polos trémulos, serpenteantes e cristalinos brazos do maxestuoso río Ouro, nos que o val se aleita e recolle cun certo aire de cándido receo e virxinal timidez, baixo os sendosos mantos das néboas da mañanciña, se máis arrogancias (paradoxos da creación!) que as da autóctona vexetación como adustas carballeiras, nas que as pegas, corvos, petos e mouchos ensaián estridentes e rexentes cantos, mentres o raposeiro golpe, cauteloso e intelixente, espera con infinita paciencia a ocasión de encher a súa despensa, ao mesmo tempo que recibe as ceremoniosas revenencias de bufos e curuxas.


Tampouco é estraño encontrase cos frescos soutos dos castiñeiros, que se encargan no outono de salpicar o val con variados matices dun rechamante cromatismo, e ofrecen, á vez, xenerosos, o froito das súas entrañas, a saborosa castaña, que tan importante foi na alimentación dos nosos devanceiros destas terras, como estimada e prezada madeira, delicia dos carpinteiros e fortaleza contra a couza. Os procesionais amieiros, bidueiros, álamos e faias, cujas



A Frouseira. Panorámica cara ao Valadouro

sombra acarician as tranquilas augas do curso medio do Ouro, contemplándose cunha disimulada arrogancia no espello claroescuro das mesmas, como un invariable luscofusco só interrumpido polos atrevidos refachos solares, e, coqueteando coa súa maxestuosa figura, sacian a súa sede sorbendo con imperceptible fruición as cristalinas augas dos fondosos cubertos do monótono verdor dos carrizos, polas entrelazadas raíces.

Piñeiros e eucaliptais, teimudos competidores, en zonas altas e medias, atrévense a disputar os espazos, con incontinencia, saderoras da súa achega económica, e ata asomar as súas ríspetas facianas en chousas e labrantíos xa abandoados, non lonxe das mesmas vivendas, rodeando pasteiros de recente preparación e pradarías de antano, que brindan ao visitante sendosas caricias co aloumiño do seu céspede, á par que lle regalan a súa vista a esplendidez das diversas e variadas tonalidades do seu verdor, enmarcadas entre lindeiros ben definidos, sen solución de continuidade.



Río Ouro (O Valadouro-Alfoz)


Finalmente, tampouco faltan toxais e silveiras, como contraste coas rechamantes floracions que serviron de inspiración a poetas de enxebre sensibilidade rural. Certamente, con todo isto, as vacas, as entrañables vaquiñas, acaban facendo as delicias destas xentes, pastando cun sixilo acompañado e exhibindo un certo pose de cornúpeta elegancia, moi inconscientes de estar a ser as destinatarias principais no seo de tantas cromáticas belezas; pero sen facer abandono do papel que lles corresponde neste armonioso conceto e concitación de motivos estéticos.

Sen dúbida, as xentes deste val, sempre foron esquisitamente sensibles ás súas belezas, e fixérонse eco da súa fertilidade, como puxeron de manifesto nas producións poéticas populares. Valla como exemplo a seguinte:

Se as penas de d'Oirán foran pan;
as da Frouseira manteiga;
as do Cadramón, queixo de San Simón,
e as augas do río Ouro, viño mouro,
quen podería co Valadouro...!

Isto é, en boa hermenéutica, auténtica expresión das necesidades e carencias dunha época con escasos recursos económicos e sen pretensións desorbitadas e, ao mesmo tempo, dunha vida dura nun lar que non permitía descanso no quefacer cotián: pedían pan, porque non tiñan dabondo; pedían manteiga, porque víanse obrigados a vender a que producían, para cubrir outras necesidades; pedían queixo, porque tampouco era manxar cotián en todas as casas, e pedían «viño mouro», para gozar dun elemento que dulcificara as amarguras e disgustos das súas vidas e apazugaba a sensación de frío nas longas noites de inverno.

E todo isto lévanos a pensar no contraste entre o orgullo das xentes e o seu huminde e aberto comportamento, plasmado na xenerosidade con que recibían aos seus hóspedes, por festas e especiais efemérides familiares. Deste modo non era estranxo que o visitante sempre marchara fascinado coa admirable simbiose que estas nosas xentes mantiñan coa paisaxe: os adustos carballos esixían a correspondencia de homes e mulleres adornados tamén co este carácter, que nunca faltaba, como o evidenciaba a maneira de sacralizar os seus compromisos orais, pois áinda hoxe soemos dicir que a palabra dun home valía como a escritura dun notario; os xenerosos castiñeirois tiveron parangón na desinteresada entrega á hora de axudar, dentro da súa pobreza, aos seus veciños emaigos, compartindo as penas e pesares que os atribulaban; os amieiros,



Dolmen «O Padornelo»
(O Valadouro)

bidueiros e álamos tiñan os seus mellores imitadores procesionais nas festas e solemnidades relixiosas, e os piñeiro e eucaliptais puideron servir de mostra aos valadourenses e alfocenses para obter proveitoso froito das entrañas das súas terras, e utilidade das escassas industrias e abundantes oficios artesáns, e se queremos estender un pouco máis as semeillanzas tamén podemos ver o espírito de hospitalidade como un reflexo das suaves caricias do céspede das pradarías.

Pero os pobos, todos os pobos, obxetivan as súas creacións espirituais en obras arquitectónicas, esculturas, pinturas, música, literatura, etc. E o Valadouro non podía ser menos: os seus pazos, igrexas e retablos, as súas agrupacións musicais, os cruceiros, as pinturas murais e os retablos dos templos, as producións literarias de homes e mulleres nativos e achegados ao val, proporcionannos unha fiable testemuña do que deixamos dito. E vallan como exemplos os seguintes:

A capela de Santa Filomena, na parroquia do Cadramón, no concello do Valadouro, do século IX, perdida na arrepiante inmensidate dunhas montañas que, á vez que elevan a mirada cara ao firmamento estrelado dunha noite despexada, esmagan as actitudes insolentes. Pero, sen desprazarnos moi lonxe, podemos tamen recuar a un espazo prehistórico, na parroquia de Santo Tomé, e visitar o dolmen de «O Padornelo», onde a nosa imaxinación pode recrearse nas reas de cabalos salvaxes, trotando por estes paraxes, onde se celebra anualmente a fascinante «Rapa das Bestas». E na



Capela de Santa Filomena (O Valadouro) [J. A. GIL MARTÍNEZ]

veciña parroquia de Recaré, a denominada *Torre dos Moscosos*, na que, segundo algunas testemuñas, parece que viviron descendentes de Pedro Pardo de Cela, áinda se conserva en bo estado, e habitada.

Na parroquia de Castro de Ouro, no concello de Alfoz, está situada a *torre-fortaleza do Mariscal Pedro Pardo de Cela*, unha verdadeira atalaia de todo o val, desde a que podemos contemplalo en visión panorámica e experimentar os estáticos efectos da beleza que nos ofrece a súa gala natural. Moi cerca está a *Finca Galea*, unha especie de museo da auga, que reluce en belas formas e regálano ao oído unha suave sinfonía de sons e cores. E xa que estamos en Castro de Ouro, non perdamos a ocasión de ver as pinturas murais do retablo da igrexa, datadas polos entendidos entre finais do século XIV e principios do XV.




Rapa das bestas (O Valadouro)

Se a visita á Finca Galea os deixa aínda con capacidade de asombro e goce, diríxanse a Reirado, facendo antes un alto na *zona de recreo da «Pontenova»*, onde poden observar a vella, que deixou con paroxo esa denominación, e segue colocada a uns metros da actual cos «rompeaugas» descolocados. Sigan ata a *capela de San Caetano*, e reparen nos seus altares barrocos. Despois de visitar a fermosa vila de

Ferreira, arriben á parroquia de *Santa Cruz*, unha das máis fértils e ricas do Valadouro, porque non poden perder a subida á igrexa, moi ben coidada, situada nun ouseiro, dende o que se pode recrear a vista nas belezas que ofrece o seu entorno, para enseguida acercarse ao Pazo de Gradeille, coidado con gusto e esixencia, no que naceu o fundador de *El Progreso*, Don Purificación de Cora y Mas Villafuente, a cuxos descendentes segue pertencendo.

O paso á parroquia de Lagoa, outra vez en Alfoz, debería empezar pola subida á atalaia onde está situada a igrexa, porque ofrece a vista doutra perspectiva do val, nada desprezable. Vale a pena... Créanme! Se regresamos á Seara, polo barrio de Rizal, nel podemos observar os desafortunados arranxos que se fixeron no pazo deste mesmo nome e, un pouco máis adiante, o pazo de Carrocide, exemplo dun incomprendible abandono. Despois dun reparador cafeíño na Seara, por Finca Galea seguimos ata a igrexa da parroquia de Bacoi, cun retablo churrigueresco, e xa no camiño de Lourenzá e Mondoñedo, na parroquia de Adelán, a fonte do San Ramón, de coidada canteiría, obsequiaranos coa auga fresca que emana do seu abundante manancial. E aquí, si, hai tres edificacións que



Vista parcial das augas do muiño e batán

merecen a atención: un pazo no lugar do «Pazo», a portada románica da igrexa e o pazo de Basanta, reformado na época de Dona Bernarda Reimunde, con edificación recente acertada.

Aproveito para traer a este espazo o recordo dun famoso médico, Don Atilano Basanta Santomé, que viviu no pazo de Basanta, e deixou gratos recordos, non só da súa competencia e preparación médica, senón do comportamento cabaleiroso que o acompañaba. Só algunas anécdotas, levadas a aquel contexto, bastan para xulgalo: Foi o primeiro que introduciu a vacina antitetánica no Valadouro; contaba con bispos e pobres entre os seus clientes, e a estes adoitaba deixarlle sos cartos para que poideran adquirir as menxiñas; Goza de prestixio profesional entre os afamados médicos

santiagueses, e, sobretodo, tiña unha elegancia no comportamento político que ben quixeran para si os que de tales se consideran nos nosos tempos: Foi un verdadeiro bastión contra os que utilizaban o «paseo» (xa me entenden!) dos seus semellantes por meras discrepancias ideolóxicas ou interese persoal. E xustamente con ese cabaleiro ten unha débeda pendente o Valadouro: Erixir un monumento público que perpetúe a súa memoria.

O Valadouro e Alfoz tampouco están sen historia, como non podía ser doutra maneira; pero non é este o lugar da súa exposición, pois nin o autor destas modestas liñas é a persoa máis idónea para facelo, porque o rigor e a seriedade neste mester, esixe investigacións pacientes para documentalo, que só poden acometer os especialistas, como foi o caso de Don Francisco Mayán Fernández, e hoxe en día algúns rapaces estudosos, da nosa bisbarra.

Non obstante, e únicamente como referenciais curiosas, que deixar aquí constancia, da visita do rei Alfonso IX a Alfoz, ao que concedeu o «Fuero de Benavente» (sic), o 10 de abril de 1220, na parroquia de Bacoi. Non carecemos de lendas, como a que sostén a existencia dun pasadizo subterráneo que comunicaba a torre-fortaleza de Pedro Pardo de Cela co río Ouro; ou a que fala do «Forno das Meigas», unha gruta no «Pico Grande» dun monte na parroquia de San Pedro de Mor, a onde acudían as anciáns destes lugares a buscar alivio e remedio para os seus estartelados corpos, e as mozas para pescudar as intencións avesas dos seu noivos; a que refire Dona Dolores Sánchez Ourol, en relación a un penedo que hai na parroquia de Budián (concello do Valadouro), que foi transportado a ese lugar por unha vella, na cabeza, con tal despreocupación que, segundo din, viña fiando.

É Dona Dolores Sánchez Ourol autora dun libro titulado «Villa de Ferreira», e nel leemos o seguinte, traducido ao galego:


Lendas do castelo de Vilacampa

As persoas moi maiores desta parroquia de Vilacampa, contáronme o seguinte: 1º. Que uns mouros enterraran neste monte unha pel de touro bañada en ouro; 2º. cando unha cabra subía á cima deste monte e escarvaba na terra, saía ouro, pero cando ían os homes e cavaban, non saía nada; 3º. Parece que moitas veces aparecía no castelo roupas tendidas a secar, unha ola de cociña, un gallo e moitas cousas máis. Pero cando alguén se acercaba, todo desaparecía. Por todo isto aquelas boas xentes comenzaron a pensar que alí había un encanto.

Como mo contan asi llelo conto eu a vostedes...!


Só unha sucinta referencia aos oficios e artesanías que máis abondaron nestas terras, como cesteiros, zoqueiros, carpinteiros, ebanistas de certa fama, canteiros, tecedeiras, costureiras, etc. Os cestos, as rechamantes zocas decoradas e pintadas para utilizar nos días festivos, os cruceiros, panteóns, cabazos, belas edificacións de canteiría, etc., son testemuñas da labor profesional das xentes de Alfoz e Valadouro. Hia, por suposto, casos singulares que ben merecían unha exposición particular; pero levaríános a unha extensión do lugar ocupado por estas liñas que non parece adecuada.

Sempre houbo persoas, como en todos os sitios, de certa capacidade intelectual, singularmente destacados na investigación histórica



Igrexa de Adelán (Alfoz)

destes dous concellos. Os que encontran lugar nesta exposición non son os únicos, senón os que están más presentes na debilitada memoria desta ancián narrador, como é o caso de Don José Martínez Cobo, párroco que foi de Bacoi, e autor dunha obriña titulada, en tradución ao galego, «O Valadouro. Apuntes históricos»; Don Ramón Fernández Mato, licenciado en Medicina, escritor e político de sona, que escribiu numerosos ensaios, artigos d ematiz político e, incluso, teatro, como «Los muros de oro». Os seus restos repousan no panteón familiar, no cementerio parroquial de Ferreira, Don Manuel Lourenzo Pérez, Premio Nacional de Teatro, fundador das entidades «O Facho», «Teatro Circo», «Escola Dramática Galega», etc., quen escribiu varias obras de teatro e adaptou outras de autores estranxeiros, traducíndoas ao galego; Don Xesús Pisón Villapol, pintor, poeta e narrador, aínda que ten preferencias tamén polo teatro. Este escritor, Manuel Lourenzo Pérez e Isaac Pérez Blanco, que firma «Isaac Ferreira» escribiron



Pena Abaladoira

un libro titulado «Contos do Valadouro», no que me consta que non regatearon as visitas a moitos barrios de Alfoz e O Valadouro, para recoller tradicións locais. Poño fin a esta breve e insuficiente relación con Don Celestino Cabarcos Suárez, irónico cura párroco de Lagoa, que firmaba co pseudónimo de «Bruxo dos Eermos»: Escribiu poesía satírica, recollida nun libro titulado «Cóxegas», hoxe moi buscado e difícil de atopar.

Pero os aguerridos habitantes destas terras de Alfoz e Valadouro tamén deixaron selada con sangue a defensa das mesmas cando a Guerra da Independencia, como constatou o coronel de infantería, coruñés, Don Juan Manuel Osuna Rey, no seu traballo de investigación histórica titulado *Los franceses en Galicia. Historia militar de la Guerra de la Independencia en Galicia*, editada, coa achega da Fundación Pedro Barrié de la Maza, polo Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, en 2006.

Neste libro aparecen documentados os parágrafos que seguen:

En Santa María de Vilanova de Lourenzá en una partida de difuntos del 19 de febrero, escribe el cura: «Se enterró un hombre que murió el día 17 de febrero (referencia al año 1809). Fue muerto con otro por los soldados de la caballería francesa, de resultas de un alarma que hicieron los vecinos del Valle de Oro con otros varios contra los franceses.

Aparece otro muerto por los franceses el 17 de febrero, natural de San Estevo de Oirán. Aunque el cura de Santiago de Adelán no pone las partidas «muerte por los franceses», entierra el día 18 a diecisiete personas, casi todas vecinos de Adelán (entre ellos cuatro mujeres), y señala los huérfanos que quedaron que ascendieron al número de treinta.

En la feligresía de Mor (San Pedro) y aneja de Castro de Ouro (San Salvador) tampoco dice que hayan sido muertos por franceses, pero aparecen ocho partidas del mismo día, 17 de febrero (dos son mujeres), cuando el número de difuntos por mes no llegaba a dos.

A instancia da Asociación Cultural «O Mundo de Galea», o concello de Alfoz erixiu un monolito na finca da escola de Adelán, en recordo e memoria merecida destes falecidos, aos que relaciona nominalmente.

Sinto ledicia de poder terminar esta modesta «Miscelánea do Valadouro» cos parágrafos relativos á Guerra da Independencia, como homenaxe ás persoas que perderon a vida na defensa destas terriñas.

Pedro Rubal Pardeiro



Igrexa de Castro de Ouro [J. L. CERNADAS IGLESIAS]